



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Don Cesáreo González Pardal.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e nove de setembro do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total once dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 28 DE XULLO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e oito de xullo de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

Sr. Forján Seoane. Di que na páxina 29 hai varias preguntas do seu grupo e o Alcalde di que se contestarán posteriormente e quere recordarlle que están sen contestar e o lóxico sería que se contestaran neste pleno.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 29 DE AGOSTO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte e nove de agosto de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A "MELLORA DO SERVIZO DO PAC (PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA) DE PADRÓN".

Polo señor Piñeiro Otero dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 26 de setembro de 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Moitos veciños da comarca do Sar estanse queixando do servizo recibido no PAC de Padrón. A maior parte das queixas responden o feito de estar atendido na maior parte do tempo por un único médico de garda o que provoca que cando se ten que atender un domicilio ou sair na ambulancia o servizo de Urxencias no PAC queda desatendido provocando importantes colas de espera entre os enfermos que se atopan nese momento no PAC de Padrón, en moitas ocasións con importantes dores ou malestares.

Feitos que se producen de forma bastante frecuente (como pode verificar calquera dos usuarios que nalgunha ocasión tiveron que acudir a este servizo) e que leva a que moitas persoas, ante a necesidade urxente de trasladar a un enfermo a Urxencias, decidan acudir directamente o servizo de Urxencias do CHUS, en Santiago de Compostela, a pesares de ser, en moitos casos, o dobre en distancia e tempo.

Ademáis temos que ter en conta o problema añadido de que a Comarca do Ser (Rois, Dodro e Padrón) no seu conxunto conta con uns aproximadamente 15.000 habitantes, poboación, o noso entender, moi abundante para un só médico de garda. Situación que se agrava durante a temporada estival pola chegada a comarca de numerosos visitantes e turistas.

MOCIÓN

PEDIMOS que dun xeito colaborativo os concellos de Padrón, Dodro e Rois soliciten de maneira formal o SERGAS (e no seu defecto a Consellería de Sanidade) a ampliación de servizos do PAC de Padrón engadindo un médico adicional que reforce a asistencia dándolle unha maior axilidade pero sobretudo para que axude a evitar, na medida do posible, que o servizo no PAC de Padrón poida quedar desatendido cando o médico de garda teña que sair na ambulancia ou a facer unha visita domiciliaria.

Ademáis, dado que a existencia de dispositivos de atención urxente é considerado como un dereito da poboación, INSTAMOS a que estes trámites se realicen de forma intensa e maneira inmediata pola gran necesidade e urxencia con que demandan os veciños da comarca un servizo de urxencias sanitarias eficiente e



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de calidade.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Piñeiro Otero. Explica que no verán so hai un pediatra para os tres concellos e tamén hai queixas.

Sr. Alcalde. Contesta que presentaron a moción o 1 de setembro e o día 6 de setembro fixo unha petición como Alcalde en base a esa moción e pasa a leer o escrito de solicitude. Que se fixo por parte deste Concello pero como na moción se pide que se faga por parte dos tres concellos, en canto se faga a moción se fará por parte dos tres concellos.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta pola contestación a ese escrito.

Sr. Alcalde. Di que non contestaron aínda.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que terá que presionar dado que pertencen ao mesmo partido político. Que segundo a normativa, os criterios que se están a seguir para asignar máis facultativos aos centros de saúde ou aos PAC baséase en primeiro lugar no número de casos que se atenden ao longo do ano, en segundo lugar no de poboación e en terceiro a proximidade a un centro de urxencias como é o clínico neste caso. Que por iso dubida de que, si non se fai esa presión política, de pouco vale aprobar a moción. Que está a favor de que se doten os centros de saúde e os PAC de persoal suficiente pero o paradigma da austeridade se caería polo seu propio peso ao terse que contratar máis persoal e significaría máis custo.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que está completamente de acordo e unha vez máis correspóndelle ao grupo de goberno apoiar unha cousa e logo defender a contraria a instancias superiores.

Sr. Alcalde. Insiste en que solicitado está. Que o día 1 se presentou a moción e o día 6 saíu a solicitude do concello coa moción aínda sen debatir.

Sr. Rodríguez Conde. Di que tamén están de acordo coa moción e que na comisión informativa preguntaron que xestións se fixeron para o traspaso do centro médico ao Sergas. Que o señor alcalde dixo que si que tiveran algunha xuntanza pero nada por escrito.

Sr. Alcalde. Aclara que o que dixo era que non recordaba, pero si o ten por escrito.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera a petición que fixo na comisión informativa de que lle gustaría ter copia das xestións que ten realizado.

Sr. Alcalde. Contesta que lle dará copia do expediente.

Sra. Rey Pazos. Reitera o dito polos demais compañeiros. Que o da solicitude está moi ben, amosa un primeiro paso, pero debe aproveitar que ten amigos en instancias superiores para pedir este tipo de cuestións que les favorecen a todos.

Sr. Alcalde. Matiza que os gobernos non son amigos nin enemigos, senón que son para todos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do PSdeG-PSOE do 30 de agosto de 2016 nos termos expresados anteriormente.

4.- MOCIÓN PRESENTADA POR VECIÑOS DE PADRÓN SOBRE A PUBLICACIÓN DA AXENDA DO ALCALDE E DE TODOS OS CONCELLEIROS/-AS DA CORPORACIÓN.

Pola señora Rey Pazos dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 26 de setembro de 2016, que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O preámbulo da Lei 19/2013 do 9 de decembro establece como un obxectivo de primeira orde para as sociedades democráticas modernas a transparencia e o acceso á información como vehículo para establecer unha relación máis próxima entre os cidadáns e os seus representantes públicos. Pois, unha sociedade máis crítica e mellor informada ten capacidade para presionar aos seus políticos para realizar unha mellor e máis honesta labor de Goberno e isto repercute positivamente na eficacia e na optimización de recursos.

Tal e como sinala dita Lei, “só cando a acción dos responsables públicos sométese ao escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan poderemos responder a unha sociedade que é crítica e esixente”. Os cidadáns deben ser árbitros do escenario político empoderados de información veraz e precisa sobre a actuación dos seus representantes, estes deben de ter canles suficientes de participación e expresión ao longo de todo o exercicio e poder comunicarse de maneira constante e fluída cos seus gobernantes para xulgar o seu labor e enriquecela ao mesmo tempo alimentando de realidade a acción dos políticos.

Nos últimos tempos os cidadáns demostraron a súa desconfianza na política e nos políticos. Esta desconfianza, en parte vén dada pola opacidade que existe nas actividades que enmarcadas dentro da vida municipal realizan os concelleiros das Corporacións como encontros con asociacións, sindicatos, empresas, colectivos ou outras organizacións da sociedade civil onde se negocian e tratan asuntos interesantes para os cidadáns. Devanditos encontros en moitas ocasións levan gastos de representación asociados como viaxes, estancias en hoteis ou comidas que se cargan aos orzamentos municipais.

A axenda de todos os concelleiros debería ser de dominio público e por tanto, accesible a todos os veciños que o desexen. Actualmente, non se publica na web municipal actos relevantes nos que participa o señor alcalde como poden ser roldas de prensa, inauguracións ou outros eventos que ao noso xuízo tamén teñen relevancia.

De Veciños de Padrón apostamos por que a transparencia sexa a máxima que guíe a actividade municipal polo que consideramos que a publicación das axendas completas e as viaxes dos políticos no exercicio do seu cargo sufragados con diñeiro público é un xesto de honestidade cara aos cidadáns facilitando o seu dereito para estar informados e contribuíndo a un labor máis eficaz.

Por todo o exposto, considerando que o dereito para estar informados dos cidadáns esixe os esforzos necesarios por parte dos seus representantes, propoñemos os seguintes ACORDOS:

1.- Facer pública a axenda completa do Alcalde e de todos os concelleiros/-as da Corporación no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc., antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma.

2.- Facer públicos as viaxes que os concelleiros realizan no desempeño do seu cargo e que se sufragan con fondos públicos. Así mesmo farase unha breve descrición de cada un deles sinalando a data, o motivo, o medio de transporte e unha vez deuse orde de pago, o importe total de viaxe desagregada (transporte, aloxamento, comidas, etc.). A información deberá de estar dispoñible nun prazo non superior a 15 días hábiles tras a realización da viaxe.

3.- Publicar as informacións na web municipal habilitando un espazo especial na portada con ligazón directa á información.>>

Seguidamente a señora Rey Pazos dá conta da seguinte enmenda á súa moción de data 29 de setembro do 2016, que di:

<<En Veciños de Padrón apostamos pola transparencia como pilar fundamental para rexer as relacións entre a administración pública e os seus políticos coa cidadanía, por iso, e tras a Comisión Informativa mantida este luns nas que as alegacións realizadas polo Alcalde á nosa moción xeráronnos certas dúbidas sobre os asuntos que trata cos veciños e veciñas no exercicio do seu cargo, propoñemos a seguinte



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

EMENDA en relación co punto número 1 da moción antes citada e que versa:

"1.- Facer pública a axenda completa do Alcalde e de todos os concelleiros/-as da Corporación no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc., antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma".

Quedando agora a súa redacción da seguinte maneira:

"1.- Facer pública a axenda completa do Alcalde e de todos os concelleiros/-as da Corporación no exercicio do seu cargo incluíndo reunións con asociacións, empresas, sindicatos, colectivos, etc, e unha breve descrición do seu contido antes da súa celebración ou en todo caso nun prazo non superior a 15 días hábiles despois da mesma, así como as reunións que o Alcalde e os Concelleiros/-as do equipo do goberno poidan manter cos veciños/-as no exercicio do seu cargo exceptuando as cuestións relativas as axudas de emerxencia social (Expedientes SIUSS), e facendo unha breve descrición do seu contido".>>

Non producíndose debate sobre a emenda, o Presidente sométea a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación aproba, por maioría, a emenda presentada.

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Reitera que Veciños de Padrón aposta pola transparencia, non só a legal senón máis aló o cal hoxe en día é posible grazas aos medios informáticos dos que se dispón, como é a páxina web, e entenden que os asuntos que se tratan no concello con calquera persoa son públicos e por iso a cidadanía require saber sobre eles e por iso propoñen os 3 puntos.

Sr. Alcalde. Contesta que, como xa comentou na comisión informativa, o equipo de goberno cree que se está preto de violar a intimidade dos veciños porque si un veciño ven expoñer un problema, aínda que non sexa de servizos sociais, ao alcalde ou a algún concelleiro eso iría para a páxina web. Que en canto ao da publicación, habería que ter unha persoa constantemente pendente da axenda do alcalde e do resto de concelleiros para subir á web; e en canto ás viaxes públicas detalladas non hai ningún problema porque de feito xa se están aprobando en Xunta de Goberno Local e as actas son públicas.

Sr. Santaló Ríos. Entende a intencionalidade desta moción para contribuir á transparencia. Que a van apoiar con reservas porque lle parece un pouco difícil de concretar. Que o toma como un principio de mellorar a transparencia e de que se informe e se planifiquen mellor as xestións do equipo de goberno.

Sr. Rodríguez Conde. Di que van apoiar a moción porque todo o que supoña gasto público de dietas débese saber, ou cando sexa de interese xeral tamén. Que con respecto ás reunións que poidan ter con algún veciño, utilizar o sentido común e ver si se pode ou non publicar.

Sr. Alcalde. Contesta que a moción pon que "as reunións que o Alcalde e os Concelleiros/-as do equipo do goberno poidan manter cos veciños/-as", pero un día pode ter na porta quince veciños e outro día trinta, e os asuntos de cada veciño non son só de emerxencia social.

Sr. Rodríguez Conde. Aclara que de "interese xeral".

Sr. Alcalde. Matiza que iso o dí el, porque o que pon a moción é "no exercicio do seu cargo". Que o pleno é soberano e vaise tomar unha decisión e farase dentro da posibilidade de cumprila.

Sr. Rodríguez Conde. Di que xa sabe que aquí se traen mocións e o alcalde executa as que interesa e outras non.

Sr. Alcalde. Constes que as que pode e con esta necesitaría unha persoa detrás dela, todos os días, para todas as reunións.

Sr. Rodríguez Conde. Fala dunha que lle ven á mente, a de facer unha comisión de seguimento ao Concilia e se acaba de aprobar e non saben a quen se lle outorgou. Que se aprobou unha moción e non se cumpriu.

Sr. Alcalde. Pregunta que persoal vai cubrir a axenda do alcalde e todos os membros da corporación municipal para subila á web.

Sr. Rodríguez Conde. Insiste que se están aprobando mocións por maioría absoluta e despois non se levan a cabo. Que quedou con eles de facer comisións.

Sr. Alcalde. Contesta que se comprometeu en facer comisións e telos informados e o 13 de agosto lle remitiu un correo electrónico, o luns tiveron unha comisión e hoxe pola mañan tiveron outra.

Sr. Rodríguez Conde. Replica que a comisión informativa de hoxe forzouse.

Sr. Forján Seoane. Di que lles parece que si é interesante que se poña na páxina todas as reunións que ten o alcalde, e incluso as de todo o equipo de goberno, coas diferentes administracións e organismos, e todas aquelas que teñan un custo de desprazamento para o concello. Que o de poñer as reunións de todas as persoas que acuden a alcaldía lle parece excesivo, salvo que sexan casos de interese xeral ou afecten a determinados colectivos.

Sra. Rey Pazos. Contesta ao dito polo señor alcalde de que se está ao límite da legalidade di que o outro o día preguntaron á secretaria e dixo que, en principio, non habería ningún problema, e entende que os veciños que veñen ao concello veñen a tratar asuntos públicos. Que non se está pedindo que se explique toda a conversa senón unha descrición xenérica dos motivos. Que en canto aos expediente SIUSS di que o puxo porque o mal que podería causar sería social e chegar a xerar un mal maior. Que o de precisar unha persoa é cuestión de organizarse e se ten trinta persoas nun día haberá que facer un sistema de citas e que a xente pida e quedaría recollido nunha axenda que sería moi sinxelo pasala á páxina web. Cree que a transparencia o merece. Que é verdade que na Xunta de Goberno Local aparecen os gastos de dietas pero non o suficientemente detallado e por outra parte ver as actas ten a súa complexidade. Que todos os asuntos que se tratan no concello son públicos e non pode ser que se traten asuntos privados e pide que se lle poña algún exemplo de asunto privado a tratar no concello para poder entender a que lle chaman "asunto privado".

Sr. Alcalde. Aclara que non fala de legalidade senón que dixo que, en certa maneira, é violar a intimidade dun veciño que ven expoñer algo ao alcalde ou a un concelleiro, como se vai a un membro da oposición, e non quere comentarllo aos demais. Que non é que sexa un asunto privado, senón que é un asunto do concello pero non con repercusión pública porque é un tema puntual dese veciño e iso non ten porque estar colgado na páxina web. Repite que o pleno decide.

Sr. Piñeiro Otero. Pregunta que pasa se un veciño o para pola rúa e lle conta un problema.

Sra. Rey Pazos. Contesta que na moción aparecen todas as reunións que teñan os membros da corporación con asociacións, sindicatos e grupos representativos de cidadáns, pero é certo que a efectos decisorios ou executorios e só o goberno quen ten a postestade e os demais asuntos que se tratan son públicos de por si. Entende que un veciño poida vir ao concello e non queira que o saiban os demais pero pregúntase porque non quere que o saiban. Que normalmente os asuntos dun veciño van afectar a outro veciño ou a un colectivo. Que non acaba de ver un asunto privado dentro do concello.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Di que si un veciño ven preguntar o que ten que facer para arranxar un tellado, non ten transcendencia ningunha, pero si habería que plasmalo.

Sra. Rey Pazos. Entende que para ese tipo de información non tería que reunirse co alcalde, porque con ir a urbanismo tería que estar solucionado. Que a maioría das cousas, os veciños non deberían de resolvelas co alcalde, senón que deberían solucionarse nos diferentes departamentos que existen no concello. Que o de ir ao alcalde lle xeran sospeitas porque despois a actuación do alcalde pode ir cara un lado ou cara o outro.

Sr. Alcalde. Dille que diso non desconfíe en ningún momento, porque a actuación do alcalde vai ser a correcta.

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que moitas veces pode vulnerar o dereito á intimidade das persoas porque non ve o de publicitar nunha páxina web que un veciño ven falar co alcalde.

Sra. Rey Pazos. Insiste que esa información ten que ser pública.

Sr. Forján Seoane. Di que ten dúbidas no caso de persoas individuais.

Sra. Rey Pazos. Conclúe dicindo que o que pasa nos despachos é froito do que está pasando hoxe en día: que hai corrución en todos os lados. Aclara que nos despachos se deciden cousas que a veciñanza quere coñecer porque é de interese público.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto, coa incorporación da emenda presentada, a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Catro (4), emitidos polos concelleiros do PGD, señor Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación e resultando que se produciu un empate repítese a votación co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Catro (4), emitidos polos concelleiros do PGD, señor Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

VOTOS EN CONTRA: Catro (4), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

ABSTENCIÓNS: Tres (3), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Realizada dúas veces a votación co mesmo resultado de empate, de acordo ao establecido no artigo 100.2. do ROF, o señor alcalde resólveo co seu voto de calidade emitido en contra, polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda non aprobar a moción presentada por VECIÑOS DE PADRÓN de data 26 de setembro de 2016.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E TESOURARÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA RÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 2º

TRIMESTRE 2016.

O artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que: <<Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo>>.

O apartado 4º do mesmo artigo establece que dito informe debe presentarse ao Pleno da Corporación Local e remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, rendición que se fixo con data 23/10/2015.

Por outra banda, o artigo 5.4 do mesmo texto legal recolle que <<La Intervención (...) incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos (...)>>

En cumprimento do mandato legal recollido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal do informe emitido pola tesoureira e intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais relativa ao segundo trimestre de 2016.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 8-10/2016.

Considerando que ten entrado en vigor o 31/12/2013 a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, publicada no Boletín Oficial do Estado número 312, de 30/12/2013.

Considerando que dita norma regula no seu artigo segundo as modificacións introducidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que a redacción do apartado terceiro do dito artigo segundo da Lei 27/2013, de 27 de decembro, é do seguinte tenor literal:

<< Tres. El artículo 218 queda redactado como sigue:

<< Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3. *El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local.>>*

En cumprimento do mandato legal recollido no artigo precedente, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención Municipal:

- Resolución do Alcalde número 373/2016 , de 27 de xuño, polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 8/2016, de 27 de xuño , interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 58. 319,11euros.
- Resolución do Alcalde número 441/2016, de 26 de xullo , polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número 9/2016 de 26 de xullo , interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 48. 323,29 €.
- Resolución do Alcalde número 469/2016, do 8 de agosto polo que se deixa sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e se levanta o reparo suspensivo número10/2016, de 8 de agosto , interposto contra a aprobación dunha serie de facturas e gastos por importe total bruto de 38,024,36 €.>>

Sra. Rey Pazos. Pide a palabra e di que Veciños de Padrón quere deixar claro e reiterar que non comparte en absoluto a política levada a cabo polo goberno baseada no levantamento de reparos suspensivos e mantemento de situacións ilegais no canto da procura de solucións eficientes e quere facer fincapé que a situación se está agravando xa que hai novas facturas obxecto de reparos suspensivos, como así o recolle a acta da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2016.

Sr. Forján Seoane. Di que o día 19 presentou un escrito sobre isto.

Sr. Rodríguez Carbia. Pide copia do informe trimestral.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE DA NÚMERO 427/2016 Á NÚMERO 553/2016.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía da número 427/2016 á número 553/2016.

8.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose as seguintes:

PRIMEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE DIVULGUE O COÑECEMENTO DA HISTORIA E DO PATRIMONIO DE PADRÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS DO MUNICIPIO.

Sr. Santaló Ríos. Explica que a urxencia ven motivada en que si vai no seguinte pleno xa non se podería

incorporar nas programacións dos centros educativos.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación, por maioría, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor Santaló Ríos dá lectura ao texto da moción que di:

<<O coñecemento da nosa Historia e o do noso patrimonio debe ser un obxectivo fundamental na a formación dos rapaces e rapazas de Padrón. Amais do valor formativo, o coñecemento da nosa historia e do noso patrimonio é o instrumento máis eficaz para lograr o respecto a preservación do mesmo.

Nestes momentos, se ben podemos dispoñer de documentación e bibliografía, non dispoñemos de contidos adaptados aos diferentes niveis educativos, nin programacións específicas que permitan integrar a Historia e o patrimonio de Padrón no curriculum dos rapaces e rapazas do Concello. E pois necesario impulsar dende a concellería de cultura municipal que estes contidos sexan integrados nos programas dos centros educativos. A elaboración dos materiais didácticos debe ser complementada cunha oferta de conferencias, saídas didácticas e a dun concurso para o alumnado dos centros sobre elementos importantes do patrimonio de Padrón (camiño Portugués, p.e.)

A tarefa non é doada. E preciso a elaboración dos materiais, programar, periodizar, planificar as actividades...

O que se propón é un traballo de anos, pero nalgún momento hai que empezar. O órgano idóneo para o plantexamento deste proxecto sería o Consello Escolar Municipal, que insistentemente leva o BNG solicitando ano tras ano, é que e aproveita a ocasión para volver a facelo.

Algunha vez hai que comezar a tarefa e o momento é este, no arranque do curso escolar

Polo exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Que concello programe un ciclo de conferencias sobre aspectos relevantes do patrimonio e da Historia de Padrón, que se ofertará aos centros educativos de primaria (C.E.I.P) e secundaria (I.E.S.) do Concello no presente curso 2016-2017. Cando menos se ofertará unha conferencia para cada Centro.
2. Que o Concello elabore as bases dun concurso escolar sobre un elemento importante do patrimonio (Camiño Portugués, p.e.) ou acontecemento relevante da historia de Padrón.
- 3.- Que o Goberno do Concello se comprometa a contratar a elaboración do material didáctico sobre a historia e patrimonio de Padrón para que estea dispoñible nos centro educativos, cando menos para un nivel académico, para o curso 2016-2017.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Quere que se empece xa a contemplar e que se aborde dunha maneira integral porque Padrón ten suficiente contido para actividades específicas que permitan integrar a Historia e o patrimonio de Padrón no curriculum dos rapaces e rapazas do Concello



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sra. Couso Dopazo. Contesta que xa teñen unha guía didáctica en elaboración na oficina de rehabilitación que se está adaptando para todas as idades. Que a idea é visitar os diferentes puntos de relevancia, tamén o Camiño Portugués e ir explicándolle aos rapaces a historia de Padrón e que logo eles fagan exercicios e traballen sobre iso.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está de acordo. Que o recoñecemento do patrimonio empeza nas primeiras etapas da educación. Considera que é un tema importante para que os rapaces coñezan o patrimonio histórico do seu concello e o aprendan a valorar e para que o saiban respectar. Que Padrón ten un posto importante no que se refire non só á historia, senón tamén á arqueoloxía, etnografía e á literatura. Que é un dos poucos concellos de Galicia que ten tantas características.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo coa moción porque é importante que os nenos saiban da historia e do patrimonio que ten o seu pobo.

Sra. Rey Pazos. Considera que a mellor forma de respectar a historia, a cultura e o patrimonio é coñecelo.

Sr. Forján Seoane. Comenta que lle parece moi ben que se estea traballando nesto na oficina de rehabilitación, pero pensa que debería estar coordinado cos centros educativos e departamentos dos institutos porque son os que coñecen os programas e saben de que se está a falar.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a moción a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do BNG do 30 de agosto de 2016 nos termos expresados anteriormente.

SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A CONVOCATORIA DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA E URXENTE.

Sr. Forján Seoane. Explica que era unha pregunta que tiña presentada pero quere transformala en moción e someter á consideración do pleno a convocatoria dunha comisión informativa para este asunto.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación, por maioría, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor Forján Seoane dá lectura ao texto da moción que di:

<<Nas resolucións da alcaldía nº 445, 446, 447 e 448 dise que o concello presentarase ao acto de conciliación e posterior xuízo, de ser o caso, do procedemento ordinario por reclamacións de D. Francisco Ferro González, D. Ramón Andrés Rey Otero, D. Jesús Baliña de Jesús e D. Juan Manuel Molares Agrelo, todos eles traballadores do concello con contrato finalizado, polo que o pago das súas nóminas ven sendo motivo de reparo por parte da intervención municipal desde fai anos. Somete á decisión do Pleno para a convocatoria dunha comisión informativa extraordinaria e urxente, dado que a documentación a tiveron con escasos dous días, para saber e ter coñecemento de toda a tramitación destes expedientes, das reclamacións, do estado actual desa tramitación e que é o que ten pensado facer o goberno, ben se chega a xuízo ou ben se non se chega a xuízo.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que tamén ten coñecemento disto polas resolucións, dous días antes da celebración do pleno, polo que entende que procede esa convocatoria para que se den as explicacións coa documentación das reclamacións que van a xuízo.

Sr. Alcalde. Contesta que lle parece ben e se lle dará copia das reclamacións dos arquitectos e do asesor xurídico e o que piden é unha relación laboral cando o que teñen é un contrato de arrendamento de servizos. Que o leva todo o avogado da Deputación. Repite que lle dará cumprida conta e toda a documentación nunha comisión inrformativa. Que non hai ningún problema.

Sr. Forján Seoane. Di que tamén queren saber o que ten pensado facer o goberno, se chega a xuízo ou non.

Sr. Alcalde. Contesta que se deixará asesorar polo avogado da Deputación.

Sra. Rey Pazos. Di que con independencia da información que se lles dé, vai ser moi crítica co goberno por non informarlles con anterioridade e persoalmente deste tema e senón miran as resolucións da alcaldía que se lles dá con corenta e oito horas antes da celebración do pleno, non se enteran diso. Que pon en dúbida cando fala de transparencia.

Sr. Alcalde. Contesta que transparencia toda. Que ao mellor o que a señora Rey Pazos considera importantísimo resulta que é unha situación que ven desde anos. Que hai moitas resolucións do alcalde e non vai chamala e informala por cada unha delas.

Sra. Rey Pazos. Di que non fala de todas senón que o señor alcalde poderá distinguir entre o que é importante e o que non. Cree que o que están pedindo esas persoas de ter unha praza sen oposición é o suficiente grave como para ter coñecemento dela.

Sr. Alcalde. Aclara que están pedindo unha relación laboral.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que son servizos básicos nun concello porque se está a falar dos servizos urbanísticos e os servizos de rehabilitación do casco vello. Reitera que é un tema importante porque tamén afecta a un tema laboral que merece a convocatoria desa comisión e mereceu con anterioridade unha información e non enterarse por unhas resolucións do alcalde uns días antes da celebración do pleno.

Sr. Forján Seoane. Di que algunhas desas persoas están realizando funcións que non lles corresponden, porque para facelas teñen que ser funcionarios. Que non todos arrastran esa situación desde finais do mandato do anterior alcalde porque non lles pareceu lóxico facer unha contratación a tres meses das eleccións e aos outros finalizoulles o contrato estando o señor alcalde no cargo e xa leva cinco anos e segue todo igual. Que segue a xente cos mesmos contratos e o que vai pasar é que o concello vaise quedar con ese persoal como persoal do concello.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é un tema que hai que intentar buscarlle unha solución.


Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a moción do PSdeG-PSOE nos termos expresados anteriormente.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos presentados polo grupo político municipal de VECIÑOS.

- 1.- Sra. Rey Pazos. Rogamos se proceda a tomar as medidas necesarias para reponer o sinal de Stop que se atopa no cruce de baixada do Meda coa AC242.
- 2.- Sra. Rey Pazos. Rogamos se proceda a limpar o campo da Barca de maneira regular tódalas semanas xa que os domingos está sendo utilizada como aparcamento e se deixan residuos no chan habitualmente.
- 3.- Sra. Rey Pazos. Rogamos que se vixie que os veciños non modifiquen a estrutura das cunetas utilizando a auga que transcorre por elas (nalgúns casos con filtracións de fecais) para o regadío de fincas particulares, provocando inundacións na calzada; como ocorreu recentemente en Extramundi.
- 4.- Sra. Rey Pazos. Rogamos tómense as medidas necesarias para retirar o vehículo abandonado sito nunha das leiras ao Norte do Campo Barca.

Rogos presentados polo grupo político municipal do PGD.

- 1.- Sr. Rodríguez Conde. Rogamos se nos facilite informe solicitado varias veces no pleno 28 de xullo e o 8 de xuño mediante escrito con respecto ás horas extras da Policía Local.
- 2.- Sr. Rodríguez Conde. Rogamos que con respecto ao carril-bici da desembocadura do río Sar que se preceda a súa limpeza e acondicionamento para o disfrute de esa infraestrutura municipal.
- 3.- Sr. Rodríguez Conde. Casi todos os martes pola tarde, según nos trasladan os usuarios, recollen os autobuses escolares aos nenos e nenas na estrada literalmente, debido a que hai vehículos estacionados no espacio de aparcamento dos buses. Rogamos presenza policial para evitar eses riscos.
- 4.- Sr. Rodríguez Conde. No lavadoiro de Luans hai que subsanar unha serie de deficiencias. Rogamos se proceda a esa subsanación.

Rogo oral formulado polo grupo político municipal do PGD.

Sr. Rodríguez Conde. Hai uns problemas no camiño dos peregrinos á altura de Areal, onde hai uns sinais que confunden, primeiro puxeron á dereita e despois á esquerda. Que se está modificando constantemente e os peregrinos se confunden. Rogamos que se tomen as medidas oportunas para subsanar iso.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta se é onde está o bar México e di que foron uns veciños de Angueira de Castro que marcaron alí "itinerario alternativo" ou "camiño alternativo" para que vaian por alí.

Rogos presentados polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

- 1.- Sr. Forján Seoane. Solicite a inclusión nos próximos orzamentos estatais, dunha partida económica de 5.000.000,00 de euros, para o acondicionamento do tramo da N-550 Padrón-límite da provincia, tramo que foi adjudicado no ano 1999 a A. Sánchez-Lago SL Ploder SA en 468.715.873 (BOE 521/12/99).
- 2.- Sr. Forján Seoane. Como representante do Concello de Padrón na Fundación Pública Camilo José Cela, sigue sen informar da súa xestión na mesma. Rogámoslle que se preocupe polo deterioro que están alcanzando parte dos elementos do que foi, digo foi, Museo Ferrocarrilero.
- 3.- Sr. Forján Seoane. Proceda ao desbroce e mantemento das beirarrúas, e sirvan como exemplo as de acceso á urbanización "A Azucarera", marxe dereita entrando, que están desaparecidas debaixo da maleza que medra nelas. A maiores, di que nesa finca está proliferando unha pranta invasiva e pensa que deberían ordear

que se desbroce porque está chegando xa ao río Sar.

4.- Sr. Forján Seoane. Adopten as decisións oportunas para evitar que os paseos do Xardín se inunden coa chegada das chuvias, algo que sucedeu este verán solo con regar.

5.- Sr. Forján Seoane. Sean rigurosos nos acordos que adoptan e non suceda como na XGL celebrada o 14.07.16 na que concederon licenza de obras para demolición de edificación sita na rúa Laureano Salgado, tal como figura na acta da mesma, páxina 19/20. Está sin correxir.

6.- Sr. Forján Seoane. Se executen os acordos adoptados en pleno pola aprobación de mocións do Grupo Municipal Socialista e outros.

7.- Sr. Forján Seoane. Elaboren e presenten os orzamentos para o ano 2017, antes de finalizar o ano 2016.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal de VECIÑOS.

1.- Sra. Rey Pazos. Existe, e de ser así cal, algunha relación familiar ou de parentesco, xa sexa por conseguinidade ou afinidade, entre o Alcalde e os Concelleiros/-as do grupo do Partido Popular coas seguintes empresas contratadas polo Concello de forma habitual:

- Cándido Sanmarco e Hijos S.L.
- Instalaciones Ducho. Cándido Sanmarco Santos.
- Construcciones Xelacal, S.L.
- Aluminios Sefer, S.L.
- Damián Perol Mariño. P&P Distribuciones.

Sr. Alcalde. Entende que fala de administradores dado que as persoas xurídicas non teñen parientes e contesta que Cándido Sanmarco e Hijos S.L primeiro grado de consanguinidade, Instalaciones Ducho segundo grado de consanguinidade, Construcciones Xelacal.

Sra. Rey Pazos. Interrumpe e pide que o explique para que o entenda a cidadanía.

Sr. Alcalde. Dille que é moi claro e que Aluminios Sefer son seus pais, Construcciones Xelacal é a súa prima e Damián Perol Mariño é fillo do sobriño do concelleiro señor Pardo Andrade. Que Ducho é irmá do señor Sanmarco Santos e Cándido Sanmarco e Hijos é unha sociedade e non sabe quen é o administrador pero supón que é tamén irmán do señor Sanmarco Santos.

2.- Sra. Rey Pazos. Que actuacións están a levarse a cabo para evitar que se depositen enseres, residuos e cartóns fóra dos colectores?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que están recollendo os obreiros máis días dos dous que están estipulados. Que se está recollendo moito cartón e non ve sitios onde colocar máis contenedores.

Sr. Forján Seoane. Di que se está depositando mal.

Sr. Pardo Andrade. Di que a xente non recicla. Que o día 16 de outubro, na praza de Macías, vaise facer unha xornada para reciclar e concienciar á xente.

Sr. Forján Seoane. Engade que nunca se botaron as caixas no contenedor sen dobrar, antes dobrábanse e apilábanse e dende que está este goberno iso desapareceu.

3.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que xa pasaron os 6 meses que dan lugar á caducidade do procedemento, que actuacións levaron a cabo as partes desde a apertura do expediente sancionador 02/2015-OP en relación coa colocación de bandeirolas publicitarias sobre os báculos de sinais recollido na acta XGL do 11 de febreiro de 2016?.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

4.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que xa pasaron os 6 meses que dan lugar á caducidade do procedemento, que actuacións levaron a cabo as partes desde a apertura do expediente sancionador 01/2016-OP en relación co depósito de caixas de cartón na vía pública recollido na acta XGL do 11 de febreiro de 2016?.

5.- Sra. Rey Pazos. Tendo en conta que xa pasaron os 6 meses que dan lugar á caducidade do procedemento, que actuacións levaron a cabo as partes desde a apertura do expediente sancionador 01/2016-OP en relación cun can que fixo as súas deposicións na vía pública na acta XGL do 23 de marzo de 2016?.

Sr. Alcalde. Contesta que os tres temas leváronse a Xunta de Goberno para incoar expedientes, dásele traslado ao particular para trámite de alegacións e non sabe de memoria si as fixeron ou non, pero no suposto de que caducara o expediente pódese reiniciar.

Sra. Rey Pazos. Pregunta, ao ser unha infracción leve, si a prescrición non se produce aos seis meses.

Sr. Alcalde. Contesta que depende dos prazos, de todas formas como xa lle preguntou á señora secretaria e é exactamente como ela lle informou.

Sra. Rey Pazos. Entende que dado que a ordenanza non recolle ningún prazo hai que ir á Lei de procedemento e esta di que as infraccións leves prescriben aos 6 meses.

6.- Sra. Rey Pazos. En que punto atópase a execución da moción aprobada no Pleno o 24 de setembro de 2015 en relación coa revisión da potencia enerxética e cando se pretende finalizar a súa execución?.

Sr. Alcalde. Contesta que está finalizada e está cumprida.

7.- Sra. Rey Pazos. En que punto atópase a execución da moción aprobada o 28 de xaneiro de 2016 en relación coa modificación do ROM e a devolución de certas competencias delegadas ao Pleno e cando se pretende finalizar a súa execución?.

Sr. Alcalde. Di que o antes posible. Que o mandou a secretaria e ten unha serie de complicacións e pide á señora secretaria que o explique.

Sra. Secretaria. Explica que cambiar ese artigo non lle leva moito tempo, refírese ao artigo das competencias, pero falouse de darlle un repaso a todo o ROM e iso lle leva máis tempo porque cambiou moito a normativa e mañá entra en vigor outra lei que esixe toda a tramitación electrónica e hai que establecer o procedemento.

Sr. Forján Seoane. Pregunta se habería algún problema en modificar exclusivamente agora ese punto das competencias.

Sra. Secretaria. Contesta que problema xurídico non, que se poden facer todas as modificacións do ROM ou de calquera ordenanza que se queira, aínda que ela entende, con independencia de que si acorda facelo así faise e punto, que é mellor facelo todo xunto para non estar tramitando expedientes de modificacións sucesivos.

Sra. Rey Pazos. Puntualiza que é curioso que as conversas cos veciños sexan privadas e as súas coa secretaria sexan públicas.

8.- Sra. Rey Pazos. Por que non se cumpren as mocións aprobadas neste Pleno e en concreto a aprobada o 24 de setembro de 2015 relativa á colocación de cunetas de formigón ou a colocación de bordos para evitar que as herbas e a maleza vaian comendo o asfalto e deteriorenen as pistas e camiños?.

Sr. Alcalde. Contesta que cando se aproben os plans e o pleno decidirá o programa que sexa. Que non hai cartos para levar a cabo as actuacións sen financiamento externo e facer todo iso que pon a moción.

Sra. Rey Pazos. Di que, por exemplo, en Morono acábanse de facer as pistas nestes días e vai ser un problema coas augas que van erosinar o sustento da estrada. Que igual era interesante facer alí algo menos e que estivese ben, porque cree que para o próximo ano vai ter o mesmo problema.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PGD.

1.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Como están os trámites para solucionar o problema de abastecemento de auga aos veciños de Cruces?

Sr. Pardo Andrade. Contesta que o abastecemento de auga é un proxecto incluído no PAS, non só para os veciños de Cruces senón tamén para o Areal. Que dentro do mesmo proxecto ía tamén o alcantarillado para Muíños e aí hai un problema porque unha familia ten que facer a cesión dos terreos para poder executar a obra e de momento non a fixo. Que levan esperando nove meses e tan pronto como fagan a cesión deses terreos ao concello poderáse executar a obra. Que mentres tanto non hai maneira de facer a obra.

2.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Que sabe o goberno do ocorrido no lugar de Lestido con respecto aos alimentos que apareceron tirados alimentos e que fixeron con eles?

Sr. Alcalde. Contesta que os alimentos os levaban en servizos sociais e alí non poden levar control dos alimentos que dan as entidades externas. Que os servizos sociais saben que non dan lotes de alimentos e estes alimentos que se encontraron estiveron expostos a altas temperaturas e non servían para o consumo, pero aínda así non se sabe que entidade os entregou nin a que usuario.

3.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Que se vai facer por parte do organismo correspondente, para que non volva a repetirse a desfeita de que o curso natural do río Sar a seu paso polo casco quede sin auga?

Sr. Alcalde. Contesta que está en estudo a maneira de mirar os niveis. Que se colocaron uns sacos provisionalmente.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta de quen é competencia esa obra.

Sr. Alcalde. Contesta que de Augas de Galicia e Conservación da Natureza.

4.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Está ingresado o importe restante dos anuncios do libro de Pascua?. Si a resposta e non ¿a que é debido?.

Sr. Alcalde. Contesta que hoxe pola mañá non. Que se lle requeriu en varias ocasións e haberá que requirirle outra vez por escrito.

5.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Presentou algunha factura a Orde do Pemento de Herbón para percibir a subvención de 1.600 euros?.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

6.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Que trámites está realizando o goberno para sacar a licitación do servizo de cafetería do Centro Social?

Sr. Alcalde. Contesta que está pendente do informe económico por parte do técnico de intervención.

7.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Cal é o motivo polo que non se procede a licitar o servizo de mantemento de alumado público?.

Sr. Alcalde. Contesta que se fixo agora o estudo de potencia e hai que facer unha auditoría de tódolos puntos e despois sacalo a licitación.

8.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Cal vai ser o procedemento que seguirá o goberno local para otorgar os espazos nas bancadas na praza de Abastos para os días anteriores a Difuntos?.

Sr. Alcalde. Contesta que ata o de agora tódolos anos deuse autorización e liquidouse polo posto.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta se pagaron o ano pasado.

Sr. Alcalde. Entende que si, pero non o sabe agora mesmo.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

9.- Sr. Rodríguez Conde. ¿Porqué se sigue recollendo residuo industrial nos camiões de RSU estando prohibido por lei?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que a empresa di que non están recollendo ningún residuo deses. Que lle sacaron os contenedores.

10.- ¿Porqué sigue, según nos consta, o padrón fiscal do lixo sin actualizar, xa que na nosa etapa de responsabilidade de área se fixeran dúas providencias para actualizalo e sigue igual?.

Sr. Alcalde. Di que tampouco se actualizaron esas providencias.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta si sabe o que lle respostou o técnico.

Sr. Alcalde. Contesta que non o sabe, que llo diga.

11.- Sr. Rodríguez Conde. Que criterios tomou o goberno á hora de conceder as licencias urbanísticas, dado que nas actas das comisións de goberno non levan un orden cronolóxico do tempo. ¿Cales son os motivos?.

Sr. Alcalde. Contesta que hai expedientes de urxencia que ben polo estado da edificación ou por estar pendentes dunha subvención ou nalgún programa de rehabilitación, son obxecto de tramitación preferente. Que se fai unha providencia da alcaldía aos servizos técnicos para que sexan informados e tramitados por vía de urxencia e o contido dos diferentes expedientes e a duración da súa tramitación pode variar por circunstancias como a necesidade de autorizacións sectoriais, sobre todo Patrimonio, ou porque son obxecto de informes desfavorables e requiren a emenda da solicitude, sexa aportando documentación adicional ou concretando e variando algún aspecto da obra a realizar. Que o feito de que teñan unha duración de tramitación distinta implica que un expediente vai estar listo e levarse a Xunta de Goberno Local antes que outro.

Sr. Rodríguez Conde. Pide que lle dea copia do que acaba de ler.

O señor alcalde dalle copia do escrito que acaba de ler ao señor Rodríguez Conde.

Preguntas presentadas polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. ¿Cal é motivo para que meses despois de aprobarse en pleno, por unanimidade, a modificación do ROM aínda non se nos presentase un borrador coas modificacións?.

Sr. Alcalde. Di que xa está respostada.

2.- Sr. Forján Seoane. Desde fai tempo a decantadora situada, augas abaixo do rego da Pastoriza, fronte aos "pasos" esté a verter augas fecais ao río Sar. ¿Cando van a solucionar este grave problema de contaminación do río Sar?.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta de canto tempo fala.

Sr. Forján Seoane. Contesta que da semana pasada.

Sr. Pardo Andrade. Di que o repararon aí atrás casualmente e logo volvería romper.

3.- Sr. Forján Seoane. En base ao Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, asfaltouse a pista que vai desde a estrada Pontecesures-A Estrada ata o lugar de Morono, por un importe de 59.443,66 euros. ¿A que explotacións agrarias concretas da servizo esta pista que remata xusto na entrada a Morono?.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que para poder solicitar a subvención, pediron de Agader o nome de tódolos propietarios e pensa que son cinco ou seis.

Sr. Forján Seoane. Di que fala de explotacións agrarias e remataron xusto na entrada de Morono.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que rematouse ata onde daban os cartos.

4.- Sr. Forján Seoane. Nas resolucións da alcaldía nº 445, 446, 447 e 448 dise que o concello presentarase ao acto de conciliación e posterior xuízo, de ser o caso, do procedemento ordinario por reclamacións de D. Francisco Ferro González, D. Ramón Andrés Rey Otero, D. Jesús Baliña de Jesús e D. Juan Manuel Molares Agrelo, todos eles traballadores do concello con contrato finalizado, polo que o pago das súas nóminas ven sendo motivo de reparo por parte da intervención municipal desde fai anos. ¿Cal é o motivo que leva ao concello aos actos de conciliación, nº 185, 173, 185, 174, e de ser o caso, a xuízo?.

Sr. Alcalde. Contesta que a reclamación laboral.

Pregunta oral formulada polo grupo político municipal de PSdeG-PSOE.

1.- Sr. Forján Seoane. Que o día 27 de setembro presentou un escrito solicitando o acceso á documentación que se acaba de presentar do Plan especial de protección da ex-colexiata de Santa María de Iria Flavia e o seu entorno, xa que o prazo para presentala remataba o día 16 de setembro e, curiosamente, o día 28 de setembro, todos os voceiros recibiron unha chamada telefónica.

Sr. Alcalde. Di que non pense que a consecuencia foi por presentar o escrito, senón que foi porque entrou pola porta, veuno e dixo que se acordaran de avisar á oposición porque despois sempre lle botan a bronca por non informar. Que falou con Ramón o de rehabilitación e fíxolle ese escrito que asinou.

Preguntas orais formuladas polo grupo político municipal do BNG.

1.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta porque entregaron uns folletos informativos recentemente sobre Padrón aos establecementos de hostalería do turismo e dos establecementos, cando están desfasados e non hai en galego.

Sr. Alcalde. Di que non sabe de que fala e o mirará.

2.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta quen avisa aos seleccionados para asinar os contratos do taller de emprego.

Sr. Alcalde. Di que Maruja ou o concelleiro de emprego.

Sr. Santaló Ríos. Estima que debería ser un funcionario e non un concelleiro.

3.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta si se sabe algo do campo infantil da Barca.

Sr. Alcalde. Di que si se refire á pista multideportiva que se ía facer coa construción da ponte, aínda non teñen importe.

Sr. Rodríguez Conde. Volve á pregunta anterior e di si era o concelleiro o que chamaba á xente.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que entre Maruja e el os chamaban para asinar os contratos, pero xa estaban previamente seleccionados.

4.- Sr. Santaló Ríos. Pregunta que actuación ou actuacións realizou o concello ou ten pensado facer ante os depósitos dun gran volume de pedra nunha finca no Lestido que está causando contínuos transtornos aos veciños de alí.


Sr. Pardo Andrade. Contesta que xa foi a policía local e está o asesor xurídico con ese tema.

Pregunta oral formulada polo grupo político municipal de VECIÑOS.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se existen privilexios para aparcarse no concello.

Sr. Alcalde. Contesta que non.

Sra. Rey Pazos. Pregunta entón por que hai unha moto aparcada tódolos días na beirarrúa e non ve a



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

sanción, estando o aparcadoiro de motos enfronte valeiro.

Sr. Alcalde. Contesta que mal feito. Que ten que ir a policía e multar.

Sendo as vinte e unha horas e vinte e nove minutos, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente

Asde. Antonio Fernández Angueira

Secretaria

Asde. Ana María Ares Álvarez